

---

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN DE ESTUDO E ANÁLISE  
ESTRATÉGICO DA ESCOLA TÉCNICA SUPERIOR DE ENXEÑEIROS DE  
CAMIÑOS, CANAIS E PORTOS DA CORUÑA CELEBRADA O LUNS, DÍA 5 DE  
ABRIL DE 2018**

---

De acordo co establecido na Orde do Día, a Comisión de estudo e análise estratéxico da Escola Técnica Superior de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos da Universidade da Coruña constitúese en sesión ordinaria ás 12:30 horas do xoves día 5 de abril de 2018 coa seguinte orde do día:

1. Abrobación de actas
2. Análise da información recopilada
3. Quenda aberta de palabra

**ASISTEN OS SRES:**

**Profesorado:**

Carro López, Diego

Colominas Ezponda, Ignasi

González Fonteboa, Belén

Martínez Lage, M<sup>a</sup> Isabel

Navarrina Martínez, Fermín Luis

Novalés Ordax, Margarita

Orro Arcay, Alfonso

París López, José

Peña González, Enrique

**Estudantes:**

Alonso Rodríguez, Pablo

García-Alén Loes, Gonzalo

Pazos Taboada, Damián

Sotelo Domínguez, Luis

**PAS:**

Calvo Fariña, Juan Bautista

Preside a sesión o Sr. Ignasi Colominas, Director da Escola. Actúa como Secretario o Sr. Diego Carro.

1. Abrobación de actas

Hai un pequeno cambio na intervención do estudante Pablo Alonso.

Apróbase a acta co cambio proposto.

2. Análise da información recopilada

Respecto á información recopilada, conseguíronse moitos datos e aínda faltan algúns. Comézase analizando os datos de acceso ás universidades españolas, tanto de graos e mestrados.

Tamén se enviou información recopilada desde a Administración da Escola para os graos e mestrados da Escola. Tamén se enviaron datos de informes de prácticas de titores profesionais nos que a valoración dos estudantes é, en termos xerais, de sobresaínte.

Informa tamén dunha reunión que tiveron os directores de Escolas que están na Asociación europea de formación en enxeñaría civil. Tratábase de poñer en común a proposta de programas integrados de grao e mestrado, a idea sería permitir que os estudantes accedan desde o bacharelato á dobre titulación de grao e mestrado en enxeñaría de camiños, canais e portos. Para estudar isto se constituíu unha comisión na CRUE e esta comisión elevou unha proposta ao ministerio e que requiriría unha modificación do Real Decreto. Hai dúas universidades que ofertan nas súas comunidades autónomas unha dobre titulación de grao en enxeñaría civil e mestrado en enxeñaría de camiños canais e portos, son as universidades Politécnicas de Valencia e a da Politécnica de Madrid. En Barcelona van a implantar un grupo do grao de enxeñaría civil en inglés. A escola de Santander vai a facer cambios para captar mellores estudantes. Unha idea que se propoñen é facer un cambio hacia un grao con mais contidos de carácter fundamental.

Intervén o estudante Damián Pazos, e fala do descenso do acceso ao mestrado de enxeñaría de camiños, onde hai moitos estudantes que non continúan.

Intervén o profesor José París indicando que o primeiro ano da titulación é singular.

Intervén a profesora Margarita Novalés, indicando que observa unha alta taxa de abandono e que este medrou nos últimos anos. Indica que esta crecente taxa de abandono é preocupante de cara á acreditación dos títulos. Expón tamén que en número de estudantes somos a 5<sup>a</sup> escola de España. Nos datos de toda España hai mais ou menos a metade de estudantes. Sen embargo aquí hai menos estudantes porcentualmente.

Intervén o estudante Damián Pazos dicindo que considera que quizá o problema veña do número de prazas que se ofertan.

O estudante Luis Sotelo presenta os resultados dunha enquisa web que distribuíron entre os estudantes. Analizaron os resultados sobre por que se estuda aquí o mestrado ou non. Tamén se analiza que está sucedendo para non acceder ao mestrado.

O profesor Enrique Peña indica que na súa opinión todos os membros da Comisión teñen que traballar. Enviou propostas para traballar nesta comisión e non recibiu resposta.

Intervén a profesora Isabel Martínez, indicando que está deacordo, e que hai que repartir o traballo.

Continúa o profesor Enrique Peña, indicando que sería moi relevante ter a opinión das empresas.

Intervén o profesor Fermín Navarrina, indica que non é correcto que se envíe directamente a información. Recordada neste momento que todas as decisións sobre os plans de estudos foron complicadas e foron 3 anos para traballar e chegar a solucións. Expón que non está nada de acordo coa imaxe que se está transmitindo desde aquí.

Intervén o profesor Alfonso Orro indicando que a Escola está nunha situación onde se van a decidir cousas desde fóra da Escola que non podemos controlar. Sen embargo, a análise e estratexia si a podemos analizar. Considera que hai cuestións positivas sobre a Escola que se deben resaltar.

Intervén a profesora Belén González, indica que sería positivo centralizar o envío de formación. Respecto ás enquisas, considera que é importante analizar a formulación das enquisas. Somos a 5ª Escola en número de estudantes de España. Habería que repartir o traballo para analizar os resultados.

Decídese centralizar o envío de información a través do secretario da Comisión.

Intervén o estudante Gonzalo García-Alén, indica que recibiu opinións moi positivas de outras universidades sobre as instalacións da Escola, engade que entrou no mestrado e considera que na Escola temos moi bo máster. Tamén indica que deberíamos coidar mais os estudantes de mestrado e sobre todo a imaxe que se percibe sobre o mestrado.

Intervén a profesora Isabel Martínez indica que as taxas de egresados do máster calcúlase en base a 2 anos e que a taxa sae baixa porque presentan na convocatoria adiantada que corresponde ao ano seguinte. Acaban en dous anos naturais pero constan 3 cursos académicos.

Intervén o estudante Luis Sotelo aportando un dato relevante da bolsa do Santander, se non rematas en 2 anos pérdese a bolsa.

O director reparte un documento de enquisa de acreditación do mestrado para preguntar a empregadores a satisfacción coa titulación. Poderase usar de base para preparar unha enquisa.

O director propón que se prepare un modelo de enquisas a egresados e estudantes da Escola que se debaterá na próxima reunión. Recadaranse tamén datos de contacto de todos os egresados para poder distribuír as enquisas.

Tamén propón que se cree unha conta de correo para poder recibir suxerencias e comentarios dos membros da Escola. Por último, propón que se publiquen na web da Escola as actas da comisión.

Finalmente se establece un debate sobre a imaxe da Escola e como melloralala.

### 3. Quenda aberta de palabra

O profesor Fermín Navarrina propón que as actas sexan máis simples e recollan os acordos.

A sesión da Comisión de estudo e análise estratéxico finaliza ás 14:35 do 5 de abril de 2018

**Vº. Bº.**  
**Ignasi Colominas Ezponda**  
**Director**

**Diego Carro López**  
**Secretario Académico**